

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 26 de setembro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO**:

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 26 de setembro de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/9L/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do 24 de xullo de 2025 e á extraordinaria e urxente do 27 de agosto de 2025.

2. 2023/11586K PRESIDENCIA

Designación de novo representante no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense.

3. 2025/20174E PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio de competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Barbadás.

4. 2025/20175T PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 9/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

5. 2024/15655S PRESIDENCIA

Modificación da base 9ª das aprobadas para rexeir o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025.

6. 2025/19969R PRESIDENCIA

Aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE).

7. 2025/19971A PRESIDENCIA

Aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores.

8. 2025/19985V PRESIDENCIA

Aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

9. 2025/20381E PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para conxelar, derrogar ou suspender as regras fiscais para todos os concellos dada a grave situación económica que padecen, agravada recentemente na nosa provincia debido aos incendios forestais.

10. 2025/20387M PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para garantir o control rigoroso da calidade das augas de abastecemento nos concellos afectados pola contaminación do Encoro das Conchas e

o cumprimento estrito das competencias provinciais.

11. 2025/20271G PRESIDENCIA

Moción de Democracia Ourensana para a recuperación e mantemento dos camiños de carro da provincia.

12. 2025/20846G PRESIDENCIA

Moción do BNG sobre a gravidade do xenocidio que está a cometer o Estado de Israel en Palestina.

13. ASUNTOS DE URXENCIA.

14. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

- Dación de conta da aprobación do Plan económico-financeiro para o cumprimento da regra do gasto.
- Dación de conta da relación de decretos dos meses de xullo e agosto de 2025.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.